

Disposición derradeira segunda.

Modificación parcial do Real decreto 1163/1990, do 21 de setembro, polo que se regula o procedemento para a realización de devolucións de ingresos indebidos de natureza tributaria.

Os artigos 2 e 3 e os números 2 e 4 do artigo 16 do Real decreto 1163/1990, do 21 de setembro, polo que se regula o procedemento para a realización de devolucións de ingresos indebidos de natureza tributaria, quedan redactados na seguinte forma:

1. «Artigo 2. *Contido do dereito á devolución.*

1. A cantidade que se devolverá como consecuencia dun ingreso indebido estará constituída esencialmente polo importe do ingreso indebidamente efectuado e recoñecido a favor do obrigado tributario.

2. Tamén formarán parte da cantidade que se devolverá:

a) A recarga, as custas e os intereses satisfeitos durante o procedemento se o ingreso indebido se realizou por vía de constrinximento.

b) O xuro de demora regulado no artigo 58.2.c) da Lei 230/1963, do 28 de decembro, xeral tributaria, aplicado ás cantidades indebidamente ingresadas, polo tempo transcorrido desde a data do seu ingreso no Tesouro ata a da ordenación do pagamento, agás que as devanditas cantidades sexan obxecto de compensación con débedas tributarias; neste caso aboaranse os xuros de demora ata a data en que se acorde a compensación.

O tipo de xuro de demora aplicable será o vixente ó longo do período en que o citado xuro se deven-gue.»

2. «Artigo 3. *Prescrición.*

1. Prescribirá ós catro anos o dereito á devolución de ingresos indebidos.

2. O prazo de prescrición comezará a contarse desde o día en que se realizou o ingreso indebido e interromperase por calquera acto que faga fe do obrigado tributario, ou dos seus herdeiros ou habentes-causa, dirixido á obtención da devolución do ingreso indebido ou por calquera acto da Administración en que se recoñeza a súa existencia.

3. Recoñecida a procedencia da devolución, prescribirá, así mesmo, ós catro anos o dereito para esixilo seu pagamento, se este non fose reclamado polos acredores lexítimos. Este prazo contarase desde a data de notificación do recoñecemento da dita obriga.

4. O disposto neste precepto non será de aplicación ós ingresos indebidos de dereito público non tributarios, que se rexerán pola súa normativa específica.»

3. «Números 2 e 4 do artigo 16. *Condonación e extinción de sancións.*

2. A resolución que acorde a condonación graciable dunha sanción tributaria servirá para que na súa execución se proceda á devolución correspondente. Do mesmo modo se procederá a raíz da declaración de se ter extinguida a responsabilidade derivada dunha infracción a causa da morte do suxeito infractor.

4. O dereito ás devolucións de natureza tributaria a que se refire este artigo prescribirá ós catro anos, desde o día en que foi notificada a resolución pola que se acorda a condonación graciable ou se produciu o falecemento do suxeito infractor.

Este prazo interromperase na mesma forma prevista no artigo 3 deste real decreto.»

Disposición derradeira terceira. *Habilitación normativa.*

1. Autorízase o ministro de Economía e Facenda para dicta-las disposicións necesarias para o desenvolvemento e execución deste real decreto.

2. Autorízase o presidente da Axencia Estatal de Administración Tributaria para que, por resolución, modifique, no ámbito da dita axencia, a determinación dos órganos a que se refire o artigo 5 deste real decreto.

Disposición derradeira cuarta. *Entrada en vigor.*

1. Este real decreto entrará en vigor ós vinte días da súa publicación no «Boletín Oficial del Estado».

2. A nova redacción dada pola disposición derradeira segunda deste real decreto ó artigo 2 do Real decreto 1163/1990, do 21 de setembro, polo que se regula o procedemento para a realización de devolucións de ingresos indebidos de natureza tributaria, aplicarase ós ingresos indebidos efectuados a partir do día 19 de marzo de 1998, data de entrada en vigor da Lei 1/1998, do 26 de febreiro, de dereitos e garantías dos contribuíntes.

3. O disposto no artigo 24 da Lei 1/1998, do 26 de febreiro, de dereitos e garantías dos contribuíntes, e a nova redacción dada pola dita lei ó artigo 64 da Lei 230/1963, do 28 de decembro, xeral tributaria, e ó artigo 15 da Lei orgánica 12/1995, do 12 de decembro, de represión do contrabando, no relativo ó prazo de prescrición das débedas, accións e dereitos mencionados nos ditos preceptos, aplicarase a partir de 1 de xaneiro de 1999, con independencia da data en que se realizasen os correspondentes feitos impositivos, cometesen as infraccións ou efectuasen os ingresos indebidos, sen prexuízo de que a interrupción da prescrición producida, se é o caso, con anterioridade a aquela data produza os efectos previstos na normativa vixente.

Dado en Madrid o 4 de febreiro de 2000.

JUAN CARLOS R.

O vicepresidente segundo do Goberno
e ministro de Economía e Facenda,
RODRIGO DE RATO Y FIGAREDO

(Este real decreto inclúese tendo en conta a corrección de erros publicada no «Boletín Oficial del Estado» número 51, de data 29 de febreiro de 2000.)

MINISTERIO DA PRESIDENCIA

3088 REAL DECRETO 138/2000, do 4 de febreiro, polo que se aproba o Regulamento de organización e funcionamento da Inspección de Traballo e Seguridade Social. («BOE» 40, do 16-2-2000.)

A Lei 42/1997, do 14 de novembro, ordenadora da Inspección de Traballo e Seguridade Social, supón a adecuación do referido sistema de inspección ós principios constitucionais de Estado social e democrático de dereito e de Estado das autonomías. O número 1 do seu artigo 19 prevé a súa estrutura territorial segundo criterios comúns, ben que acomodados ás características de cada demarcación e á aplicación do principio de traballo programado e en equipo; o número 2 do precepto citado sinala a dobre dependencia funcional da dita inspección; e o seu número 3 prevé o desenvolvemento, por vía regulamentaria, da súa estrutura, ó tempo que a dis-

posición derradeira única da mesma lei autoriza o Goberno a dicta-las disposicións necesarias para a súa aplicación e desenvolvemento, o que acomete o regulamento que se aproba.

A Lei 42/1997, de permanente referencia, aséntase na articulación de instrumentos de colaboración entre as administracións autonómicas e do Estado, que impulsen a súa participación na definición de obxectivos e no desenvolvemento da actividade inspectora, ó tempo que o regulamento considera, tamén, o resultado dos acordos bilaterais previstos polo artigo 17 da indicada lei, na medida en que están chamados a constituír instrumento principal de mutua cooperación para facilitar a acción inspectora en cada territorio. Ó aborda-la organización operativa da Inspección de Traballo e Seguridade Social, con respecto dos principios básicos de organización da función pública, o regulamento desenvolve unha regulación común e flexible do sistema, o que permite aplicar criterios tamén comúns conforme o artigo 19.1 da Lei 42/1997, acorde coa unidade institucional do sistema de inspección que consagra a dita lei.

No funcionamento da Inspección de Traballo e Seguridade Social, o presente regulamento ofrece unha importante transformación da institución inspectora, modernizando as súas estruturas e métodos para dotala de maior eficacia no cumprimento dos seus fins e, así mesmo, no recoñecemento das garantías de seguridade xurídica do administración, todo isto na liña da lei ordenadora obxecto de desenvolvemento.

Desenvólvense, en definitiva, os cometidos da Autoridade Central da Inspección de Traballo e Seguridade Social, en atención á súa función rectora do sistema de inspección e á necesidade da súa coherencia institucional, ó tempo que se lle asignan os instrumentos de inspección supraterritorial para o cumprimento das súas funcións legais. A estrutura periférica fundaméntase nas Inspeccións Provinciais agrupadas en comunidades autónomas, como novidade organizativa da Lei 42/1997, todas elas configuradas como servicios non integrados nas Delegacións do Goberno nos termos da Lei 6/1997, do 14 de abril, de organización e funcionamento da Administración xeral do Estado, completadas coas unidades especializadas e os equipos de inspección, concibidos con carácter flexible, de forma que no seu seo poidan conxugarse os principios legais de especialización cos de unidade de función e de acto, e ambos cos de traballo programado e en equipo, na forma legalmente establecida, dando cumprimento ás previsións legais.

Na súa virtude, por proposta dos ministros de Traballo e Asuntos Sociais e de Administracións Públicas, de acordo co Consello de Estado e logo de deliberación do Consello de Ministros na súa reunión do día 4 de febreiro de 2000,

DISP O Ñ O :

Artigo único. *Aprobación do regulamento.*

Apróbase o Regulamento de organización e funcionamento da Inspección de Traballo e Seguridade Social que se insire a seguir.

Disposición transitoria primeira. *Subsistencia de situacións.*

As unidades e postos de traballo con nivel orgánico inferior a subdirector xeral no sistema de Inspección de Traballo e Seguridade Social que resulten afectados polas modificacións previstas no regulamento que se

aproba continuarán subsistentes e serán retribuídos con cargo ós mesmos créditos orzamentarios, ata que se aproben as relacións de postos de traballo adaptadas á nova estrutura orgánica establecida no regulamento adxunto.

Disposición transitoria segunda. *Desempeño de xefaturas.*

1. Ata que se aproben as relacións de postos de traballo a que se refire a disposición transitoria primeira e se proceda á súa cobertura, as funcións de xefatura nas estruturas territoriais da Inspección de Traballo e Seguridade Social desempeñaranse na forma seguinte:

a) Os xefes de inspección provincial da capitalidade autonómica asumirán automaticamente as funcións do director territorial da Inspección que determine a Autoridade Central, agás o que se acorde con cada comunidade autónoma.

b) Os actuais xefes das unidades da Inspección de Traballo e Seguridade Social nas direccións provinciais da Tesourería Xeral da Seguridade Social asumirán automaticamente as funcións e cometidos de xefes das unidades especializadas na área da Seguridade Social, agás nos supostos do artigo 55.2 do regulamento que se aproba.

c) Os xefes de equipo que na actualidade desempeñen tales postos, asumirán automaticamente as novas funcións establecidas para os postos da dita denominación na Lei 42/1997 e no regulamento que se aproba.

2. A Administración da Seguridade Social continuará proporcionándolle ó sistema de inspección os mesmos medios e colaboracións, polo menos, que actualmente dedica ás unidades de inspección na Tesourería Xeral da Seguridade Social.

Disposición transitoria terceira. *Asunción de funcións.*

O director xeral da Inspección de Traballo e Seguridade Social asumirá as funcións que o adxunto regulamento establece para a Autoridade Central da dita inspección; as actuais estruturas da Dirección Xeral da Inspección de Traballo e Seguridade Social, asumirán os cometidos e funcións atribuídos á Oficina da dita Autoridade Central no regulamento que se establece, sen prexuízo do que se dispoña nas correspondentes normas orgánicas e relacións de postos de traballo.

Disposición derogatoria única. *Derrogación normativa.*

Quedan derogadas cantas disposicións de igual ou inferior rango se opoñan ó preceptuado no presente real decreto e expresamente o Decreto 2121/1971, do 23 de xullo, polo que se aproba o Regulamento do corpo nacional da Inspección de Traballo; o Decreto 2122/1971, do 23 de xullo, polo que se aproba o Regulamento da Inspección de Traballo; o Real decreto 97/1986, do 10 de xaneiro, sobre o corpo superior de inspectores de Traballo e Seguridade Social, e o Real decreto 1667/1986, do 26 de maio, polo que se regulan os cometidos e atribucións dos controladores laborais.

Disposición derradeira primeira. *Habilitación para o desenvolvemento.*

Facúltase o ministro de Traballo e Asuntos Sociais e, se é o caso, o de Administracións Públicas, para dicta-las disposicións de aplicación e desenvolvemento deste real decreto.

Disposición derradeira segunda. *Entrada en vigor.*

O presente real decreto e o regulamento que aproba entrarán en vigor o primeiro día do mes seguinte ó da súa publicación no «Boletín Oficial del Estado».

Dado en Madrid o 4 de febreiro de 2000.

JUAN CARLOS R.

O vicepresidente primeiro do Goberno
e ministro da Presidencia,
FRANCISCO ÁLVAREZ-CASCOS FERNÁNDEZ

REGULAMENTO DE ORGANIZACIÓN E FUNCIONAMENTO DA INSPECCIÓN DE TRABALLO E SEGURIDADE SOCIAL

TÍTULO I

Normas xerais

CAPÍTULO I

Organización, funcionamento e ámbito de actuación do sistema de Inspección de Traballo e Seguridade Social

SECCIÓN 1.^a OXECTO DESTE REGULAMENTO E ÁMBITO DA FUNCIÓN INSPECTORA

Artigo 1. *Obxecto do regulamento.*

1. A organización e funcionamento do sistema da Inspección de Traballo e Seguridade Social, conforme a Lei 42/1997, do 14 de novembro, ordenadora da Inspección de Traballo e Seguridade Social, rexeráse pola citada lei e por este regulamento.

2. A Inspección de Traballo e Seguridade Social intégrase orgánicamente na Administración xeral do Estado.

3. A Inspección de Traballo e Seguridade Social depende funcionalmente da Administración xeral do Estado e da de cada comunidade autónoma con competencias de execución da lexislación da orde social, en razón da materia dos asuntos en que en cada caso interveña, sen prexuízo da dependencia orgánica establecida no punto anterior.

Artigo 2. *Ámbito funcional e material de actuación da Inspección de Traballo e Seguridade Social.*

1. O ámbito funcional de actuación da Inspección de Traballo e Seguridade Social, nos termos do artigo 3 da Lei ordenadora da Inspección de Traballo e Seguridade Social, comprende a vixilancia do cumprimento das normas relativas ós ámbitos seguintes:

1.º Relacións laborais, dereitos sindicais e de representación laboral, prevención de riscos laborais, colocación, emprego e normas para a súa promoción e fomento.

2.º Migracións e traballo dos estranxeiros en España.

3.º Réxime económico da Seguridade Social, en canto ós seus recursos, as súas prestacións e melloras, e á colaboración na xestión. E, así mesmo, as demais normas de seguridade social, excepto as relativas á asistencia sanitaria.

4.º Constitución e funcionamento de entes de economía social, no marco do establecido na súa lexislación específica.

5.º Funcións de arbitraje, conciliación e mediación; de asistencia técnica; e de informe a órganos xurisdiccionais ou administrativos, todo isto nos termos previstos na lexislación aplicable.

2. O ámbito material de actuación da Inspección de Traballo e Seguridade Social esténdese ós suxeitos, entidades, centros, lugares e medios a que se refire o artigo 4 da Lei ordenadora da Inspección de Traballo e Seguridade Social.

De acordo co disposto no número 2 do citado artigo 4, os centros de traballo, establecementos, locais e instalacións a vixilancia dos cales estea legalmente atribuída a outros órganos das administracións públicas, así como os centros de traballo e establecementos militares dependentes da Administración militar, quedan exceptuados do ámbito material de actuación da Inspección de Traballo e Seguridade Social e continuarán rexéndose pola súa normativa específica, sen prexuízo da competencia da Inspección de Traballo e Seguridade Social nas materias non afectadas por esta.

Artigo 3. *Supostos especiais na actuación da Inspección de Traballo e Seguridade Social.*

As actuacións da Inspección de Traballo e Seguridade Social observarán as peculiaridades seguintes:

1. A vixilancia da lexislación da orde social en locais e instalacións diplomáticas acollidos a extraterritorialidade e os protexidos por convenios internacionais, respectará a súa exclusión só para efectos de presenza física inspectora, na forma que establezan os ministerios de Asuntos Exteriores e de Traballo e Asuntos Sociais.

2. Mediante instrucións conxuntas dos ministerios de Defensa e de Traballo e Asuntos Sociais, e para salvagarda-los intereses da defensa nacional e a seguridade e eficacia dos centros, bases e establecementos afectos a ela, determinarase o procedemento de inspección sobre empresas que exerzan actividades en centros, bases ou establecementos militares.

3. As actuacións inspectoras en centros ou dependencias da Administración pública avisaranse previamente a quen se encontre á fronte do centro que se vai inspeccionar.

SECCIÓN 2.^a PERSOAL E MEDIOS DO SISTEMA DE INSPECCIÓN DE TRABALLO E SEGURIDADE SOCIAL

Artigo 4. *Funcionarios que integran o sistema de Inspección de Traballo e Seguridade Social.*

1. Os postos con cometido inspector serán desempeñados por funcionarios do corpo superior de inspectores de Traballo e Seguridade Social e do corpo de subinspectores de Emprego e Seguridade Social, conforme o artigo 2 da Lei ordenadora da Inspección de Traballo e Seguridade Social. Ambos corpos teñen o carácter e habilitación que establece o dito precepto legal. O ingreso nos ditos corpos será por oposición, conforme o artigo 20 da citada lei ordenadora, que constará dunha fase selectiva e outra de formación, ámbalas dúas eliminatorias.

2. Os membros de ámbolos corpos poderán participar, sen limitacións, en todo procedemento convocado de provisión de postos para a función inspectora atribuída ó seu corpo de pertenza. A súa participación en concursos ou convocatorias de libre designación para outros postos de adscrición indistinta nas relacións de postos de traballo, axustarase ó establecido nos artigos 41, punto 4, e 55 do Regulamento xeral aprobado polo Real decreto 364/1995, do 10 de marzo.

3. A estrutura, contía e condicións das retribucións básicas e dos complementos de destino no sistema de Inspección de Traballo e Seguridade Social, serán as que correspondan ó corpo de pertenza.

4. Sen prexuízo do establecido no artigo 13 da Lei 30/1984, do 2 de agosto, a Autoridade Central manterá ó día unha listaxe dos membros dos corpos referidos

no punto 1 cos datos necesarios para información ás administracións das comunidades autónomas competentes en materias obxecto deste regulamento.

Artigo 5. *Persoal de apoio do sistema.*

Conforme o artigo 2 da lei ordenadora, a Administración xeral do Estado adscribirá ó sistema de Inspección de Traballo e Seguridade Social o persoal de nivel superior, técnico, administrativo e subalterno necesario para o desenvolvemento da asistencia técnica e o apoio administrativo á función inspectora e para o funcionamento dos servizos.

Artigo 6. *Locais e medios materiais.*

1. A Autoridade Central da Inspección de Traballo e Seguridade Social xestionará os recursos informáticos do sistema, que comprenderá os sistemas lóxicos e físicos necesarios, así como as conexións informáticas e o sistema de comunicacións entre a Autoridade Central e a organización territorial do sistema de inspección. O tratamento informático da actividade do sistema de Inspección de Traballo e Seguridade Social realizarase a partir dunha única base de datos que garanta a súa homoxeneidade e a súa explotación estatística, conforme o previsto no artigo 18.3.8 da Lei ordenadora da Inspección de Traballo e Seguridade Social, que recibirá os datos de tódalas actuacións inspectoras debidamente clasificados.

2. A base xeral de datos do sistema de inspección e os seus aplicativos de explotación, radicarán na Oficina da Autoridade Central, á que corresponderá a súa xestión, desenvolvemento e modificación. Cada Administración autonómica accederá ós datos sobre materias da súa competencia, podendo dispoñer das modificacións da base de datos e dos aplicativos, na forma que se acorde.

3. Nos acordos previstos no artigo 17 da Lei ordenadora da Inspección de Traballo e Seguridade Social poderán establecerse que cada comunidade autónoma lle facilite á Inspección as conexións informáticas necesarias para o exercicio da función inspectora, a forma de acceso á información relativa á súa competencia e cantos outros extremos se conveñan.

4. As actuacións e comprobacións inspectoras poderán servirse dos medios informáticos; para este fin disporán de acceso ós datos e antecedentes que constan na Administración pública cando teñan relevancia para a función inspectora, na forma establecida na lexislación e neste regulamento. En particular explótaranse informaticamente as colaboracións establecidas no punto 2 do artigo 9 da Lei ordenadora da Inspección de Traballo e Seguridade Social e no artigo 79 do texto refundido da Lei xeral da Seguridade Social, aprobado polo Real decreto lexislativo 1/1994, do 20 de xuño.

TÍTULO II

Do funcionamento e actuación da Inspección de Traballo e Seguridade Social

CAPÍTULO I

Funcións e obrigas dos funcionarios do sistema de Inspección de Traballo e Seguridade Social

SECCIÓN 1.^a FACULTADES DOS INSPECTORES E DOS SUBINSPECTORES

Artigo 7. *Facultades dos inspectores de Traballo e Seguridade Social.*

1. No exercicio da súa función, os inspectores de Traballo e Seguridade Social están facultados, nos ter-

mos do artigo 5 da Lei ordenadora da Inspección de Traballo e Seguridade Social, para:

1.^o Entraren libremente, sen aviso previo e en calquera momento, en todo centro ou lugar de traballo suxeito a inspección e a permanecer en eles, respectando en todo caso a inviolabilidade do domicilio. Tal facultade alcanza a cantos funcionarios públicos acompañen o inspector na súa xestión comprobatoria.

2.^o A comunicación da presenza inspectora, establecida no artigo 5.1 da citada lei ordenadora poderase efectuarse ó inicio da visita de comprobación ou con posterioridade ó dito inicio, se así convén. Cando a actuación o requira, o inspector actuante poderase requirir a inmediata presenza de quen estea á fronte do centro no momento da visita.

3.^o Facérense acompañar durante a visita polas persoas a que se refire o artigo 5.2 da lei ordenadora.

4.^o Procederen a practicar calquera dilixencia de investigación, exame ou proba que consideren necesario co fin de comprobaren o cumprimento das disposicións aplicables nos termos do artigo 5.3 da citada lei ordenadora.

5.^o Solicitaren e obtiren a información, datos ou antecedentes con transcendencia para a función inspectora, en materia relativa ó réxime económico da Seguridade Social, nos supostos e respecto dos obrigados referidos no artigo 11.2 da Lei ordenadora da Inspección de Traballo e Seguridade Social.

Esta información solicitarase mediante requirimento escrito do inspector que dirixa as actuacións. Cando o requirimento se formule a entidades que desenvolvan actividades bancarias ou de depósito de fondos, e se refira a identificación de pagamentos efectuados con cargo a contas, depósitos ou fondos de calquera clase, o requirimento será autorizado previamente pola Autoridade Central da Inspección de Traballo e Seguridade Social, que poderase delegar no xefe do órgano inspector. Tales requirimentos sinalarán un prazo para a súa formalización inferior a quince días; especificarán os datos, antecedentes ou información solicitados, o período de tempo a que se refiran e a identidade dos suxeitos da acción inspectora. A información será facilitada pola entidade requirida mediante certificación desta ou mediante acceso do inspector actuante ós datos solicitados nas dependencias daquela, segundo se determine no requirimento; levantarase testemuño escrito no segundo suposto.

6.^o Adoptaren calquera das medidas a que se refiren os artigos 7 da lei ordenadora e 25 deste regulamento.

7.^o Adoptaren, se é o caso, as medidas cautelares que consideren oportunas a que se refiren o punto 4 do artigo 5 da Lei ordenadora da Inspección de Traballo e Seguridade Social e o artigo 19 deste regulamento.

8.^o E, en xeral, exerceren as demais facultades sinaladas nos artigos 5, 7 e concordantes da Lei ordenadora da Inspección de Traballo e Seguridade Social.

2. Correspóndelles así mesmo ós inspectores de Traballo e Seguridade Social, conforme o artigo 8 da lei ordenadora, a dirección técnica e funcional da actividade dos subinspectores de Emprego e Seguridade Social, así como o visado das súas actas cando proceda.

Artigo 8. *Facultades dos subinspectores de Emprego e Seguridade Social.*

1. Os subinspectores de Emprego e Seguridade Social terán as facultades a que se refire o artigo 8 da Lei ordenadora da Inspección de Traballo e Seguridade Social, e en particular as seguintes:

1.^a As establecidas nos puntos 1.1.^o e 1.2.^o do artigo anterior para o exercicio das súas funcións.

2.^a Requiriren dos suxeitos obrigados e beneficiarios de prestacións a documentación e información sobre antecedentes de feito relacionados coa materia sometida a inspección.

3.^a As sinaladas no punto 1.4.^o do artigo anterior.

4.^a Advertiren e requiriren o suxeito responsable, na vez de iniciar un procedemento sancionador, cando proceda.

5.^a Instaren, pola súa canle orgánica, procedementos administrativos de oficio nos supostos previstos na lei ordenadora.

6.^a Comprobaren nas contratacións o cumprimento da normativa a que se refire o artigo 8.2.1 da Lei ordenadora da Inspección de Traballo e Seguridade Social. Vixiaren o cumprimento da normativa sobre o traballo dos estranxeiros en territorio nacional e o desenvolvemento de operacións migratorias.

7.^a Practicaren as correspondentes actas de infracción e as de liquidación de cotas da Seguridade Social e propostas de liquidación, a que se refire o artigo 27 deste regulamento.

2. Con carácter xeral, as funcións dos subinspectores de Emprego e Seguridade Social desenvolveranse no seo dos equipos de inspección a que se refire o artigo 56 do presente regulamento.

SECCIÓN 2.^a DEBERES DOS INSPECTORES E DOS SUBINSPECTORES

Artigo 9. *Obrigas.*

1. Os funcionarios da Inspección de Traballo e Seguridade Social servirán con obxectividade os intereses xerais e actuarán de acordo cos principios constitucionais de eficacia e xerarquía, con sometemento pleno á lei e ó dereito, e con suxeición ós criterios técnicos e directrices establecidos polas autoridades competentes.

2. No exercicio das súas funcións, e sen mingua da súa autoridade nin do cumprimento dos seus deberes, observarán a máxima corrección cos cidadáns, e procurarán perturbar na menor medida posible o desenvolvemento das actividades dos inspeccionados.

3. Nas visitas de inspección, o funcionario actuante comunicará a súa presenza ó empresario ou ó seu representante, nos termos do artigo 7.1.2.^o deste regulamento. Cando afecte a materia de seguridade e saúde no traballo o inspector de Traballo e Seguridade Social actuará conforme establece a Lei 31/1995, do 8 de novembro, de prevención de riscos laborais.

4. Os funcionarios da Inspección, con ocasión das súas visitas ós lugares de traballo, prestarán a debida atención ás observacións que lles sexan formuladas polos representantes dos traballadores.

Artigo 10. *Deber de sixilo profesional.*

1. Os funcionarios do sistema de Inspección de Traballo e Seguridade Social deberán gardar segredo respecto dos asuntos que coñezan por razón do seu cargo, así como sobre os datos, informes, orixe das denuncias ou antecedentes de que tivesen coñecemento no desempeño das súas funcións, nos termos do artigo 12 da Lei ordenadora da Inspección de Traballo e Seguridade Social.

2. O persoal sen funcións inspectoras que preste servizos en órganos e dependencias do sistema de inspección queda suxeito ós mesmos deberes de sixilo acerca do que coñeza por razón do seu posto de traballo.

Artigo 11. *Incompatibilidade, abstención e recusación de inspectores e subinspectores.*

1. Os funcionarios do sistema da Inspección de Traballo e Seguridade Social quedan afectados polo réxime xeral de incompatibilidades da función pública. En razón á súa función, os inspectores e subinspectores non poderán ter interese directo ni indirecto en empresas ou grupos de empresas obxecto da súa actuación, nin asesorar ou defender a título privado a persoas físicas ou xurídicas con actividades susceptibles da acción inspectora; absteranse en todo asunto en que conorra interese para a asociación ou sindicato da súa afiliación.

2. Con independencia do establecido no punto anterior, os inspectores que ocupen postos con funcións resolutorias de expedientes sancionadores ou liquidatorios, quedan incompatibilizados para a práctica de actas de infracción ou de liquidación na materia que corresponda directamente ás referidas funcións.

3. Os funcionarios a que se refire o número 1 absteranse de intervir en actuacións inspectoras, comunicándollo ó seu superior inmediato, cando conorra calquera dos motivos a que se refire o artigo 28 da Lei 30/1992, do 26 de novembro. A abstención e a recusación de funcionarios a que se refire o artigo 29 da citada lei, serán resoltos polo respectivo xefe da Inspección provincial, salvo que afecte a este ou a un director territorial da Inspección de Traballo e Seguridade Social en que corresponderá á súa Autoridade Central.

Artigo 12. *Carácter e acreditación dos funcionarios.*

1. No exercicio da súa función, os inspectores de Traballo e Seguridade Social teñen o carácter de autoridade pública e os subinspectores de Emprego e Seguridade Social o de axentes da autoridade, conforme o establecido nos artigos 5 e 8 da Lei ordenadora da Inspección de Traballo e Seguridade Social.

2. Os inspectores de Traballo e Seguridade Social teñen o carácter de autoridade competente para os efectos do establecido no artigo 8, punto 1, da Lei orgánica de protección civil do dereito ó honor, á intimidade persoal e familiar e á propia imaxe, nos termos do artigo 6.3 da Lei ordenadora da Inspección de Traballo e Seguridade Social.

3. Os inspectores de Traballo e Seguridade Social e os subinspectores de Emprego e Seguridade Social serán provistos dun documento oficial que acredite a súa condición, que será expedido pola Autoridade Central da Inspección de Traballo e Seguridade Social. Os suxeitos inspeccionados teñen dereito a solicita-la súa acreditación nas visitas de inspección ós seus locais ou centros.

Artigo 13. *Colaboración e auxilio á función inspectora.*

1. De conformidade co artigo 9 da Lei ordenadora da Inspección de Traballo e Seguridade Social, as autoridades, calquera que sexa a súa natureza, os xefes ou encargados de calquera oficina pública e os que exerzan funcións de tal carácter, deberán prestar ós funcionarios da dita Inspección o apoio e colaboración que precisen no exercicio da súa función. De non o faceren así, o respectivo xefe da Inspección provincial ou, se é o caso, a autoridade competente trasladará o actuado ós servizos xurídicos da Administración competente para os seus efectos.

2. As forzas e corpos de seguridade prestarán auxilio e colaboración ós inspectores de Traballo e Seguridade Social e subinspectores de Emprego e Seguridade Social, cando sexan requiridos por estes para o exercicio dos seus cometidos, nos termos do artigo 9.4 da Lei

ordenadora da Inspección de Traballo e Seguridade Social, e do artigo 10.5 do Regulamento xeral sobre procedementos para a imposición de sancións por infraccións de orde social e para os expedientes liquidatorios de cotas da Seguridade Social, aprobado polo Real decreto 928/1998, do 14 de maio. Nos acordos bilaterais a que se refire este regulamento poderán establecerse regras específicas de colaboración no que concirne ós corpos de policía dependentes das comunidades autónomas.

CAPÍTULO II

Actuacións no sistema de Inspección de Traballo e Seguridade Social

SECCIÓN 1.^a DISPOSICIÓN COMÚNS

Artigo 14. *Principios xerais de actuación.*

1. A actividade inspectora responderá ó principio de traballo programado, sen prexuízo da que esixan necesidades sobrevidas ou denuncias. A actividade inspectora responderá ós programas de obxectivos xerais e territoriais establecidos conforme este regulamento.

2. Os funcionarios da Inspección de Traballo e Seguridade Social adecuarán a súa actividade ós ditos programas de actuación, ós que se suxeitará a iniciativa dos inspectores nos termos do artigo 22 do presente regulamento.

Artigo 15. *Modalidades de actuación.*

1. En desenvolvemento do artigo 14 da Lei ordenadora da Inspección de Traballo e Seguridade Social, os funcionarios da Inspección de Traballo e Seguridade Social desenvolverán as súas actuacións inspectoras e de asistencia técnica, mediante as seguintes modalidades:

a) Visita ós centros e lugares de traballo, coa comparecencia do funcionario actuante no centro ou lugar de traballo, sen necesidade de aviso previo, podendo efectuarse por un único funcionario ou conxuntamente por varios. Poderá efectuarse máis dunha visita sucesiva. Cando iniciadas actuacións mediante visita, non sexa posible ou non teña obxecto a súa continuidade no centro visitado, poderá continuarse na forma establecida no punto seguinte.

b) Comparecencia dos suxeitos obrigados ante o funcionario actuante na oficina pública que este sinale, en virtude de requirimento, con ou sen achega de información documental ou en soporte informático, se é o caso, con expresión no requirimento da documentación que deba ser obxecto de presentación. O requirimento será escrito e notificado directamente con ocasión de visita ó centro de traballo, ou por calquera forma de notificación válida. Cando o requirimento o formule un equipo, determinará o inspector ou subinspector ante o que teña que comparece-lo suxeito requirido.

c) Comprobación de datos ou antecedentes que figuren nas administracións públicas; para tal fin, a Inspección poderá acceder a tales datos e antecedentes, proceder a cruzamentos informáticos e solicitar antecedentes ou información que permita comproba-lo cumprimento da normativa aplicable. Se do seu exame se deducisen indicios de incumprimento, poderá procederse na forma disposta nos puntos anteriores co obxecto de completa-la comprobación.

d) Expediente administrativo, cando do seu contido se deducisen os elementos suficientes de comprobación e de convicción para iniciar e concluí-la actuación inspectora.

2. As actuacións inspectoras, calquera que sexa a modalidade con que se inicien, poderán proseguirse ou completarse sobre o mesmo suxeito coa práctica doutra ou outras formas de actuación das definidas no punto anterior, se se estiman necesarias para a culminación da comprobación.

3. As funcións de arbitraje, mediación e conciliación recollidas no artigo 3.3 da lei ordenadora antes citada, desenvolveranse nos locais e na forma que, para cada caso, se estableza ou se acorde entre o funcionario actuante e as partes en conflito.

Artigo 16. *Número de funcionarios actuantes.*

1. As actuacións inspectoras poderán ser efectuadas por un só funcionario ou por varios, baixo o principio de unidade de acción, tal e como establece o artigo 14 da Lei ordenadora da Inspección de Traballo e Seguridade Social.

2. Nas actuacións en equipo desenvolvidas por inspectores e subinspectores, o inspector que as dirixa distribuirá os cometidos entre os participantes segundo a súa especialización e as funcións do corpo da súa perenza. Nas actuacións colectivas de inspectores de Traballo e Seguridade Social, o que se encontre á fronte coordinará a actuación do conxunto.

3. Nas actuacións inspectoras coa participación de funcionarios públicos doutros corpos, en virtude da colaboración prevista no artigo 9 da Lei de prevención de riscos laborais, estes disporán das facultades comprobatorias propias dos inspectores nas misións que se lles encomenden, incorréndose en obstrución se se lles impide ou son perturbados no seu exercicio.

Artigo 17. *Duración das actuacións.*

1. As actuacións comprobatorias da Inspección de Traballo e Seguridade Social a un mesmo suxeito non poderán dilatarse por tempo superior a nove meses continuados, agás dilacións imputables ó suxeito inspeccionado ou a persoas dependentes deste, conforme o artigo 14 da Lei ordenadora da Inspección de Traballo e Seguridade Social.

2. Para o cómputo do prazo de nove meses a que se refire o punto anterior aplicaranse as regras seguintes:

a) Cando a actuación se inicie mediante visita a un centro ou lugar de traballo, o cómputo iniciarase a partir da data da primeira visita efectuada, segundo dilixencia redactada no libro de visitas.

b) Se a actuación comeza por requirimento de comparecencia, o cómputo iniciarase desde a data da efectiva comparecencia do suxeito obrigado requirido con achega, se é o caso, da totalidade da documentación requirida, circunstancia que se citará no libro de visitas.

c) Se iniciada visita de inspección a un centro ou lugar de traballo non fose posible concluí-la comprobación por falta de achega dos antecedentes necesarios, ou por ausencia ou negativa a declarar de persoa afectada polas comprobacións, o funcionario actuante poderá requirir na forma disposta no parágrafo b) do punto 1 do artigo 15 deste regulamento; neste caso o cómputo iniciarase desde o momento da comparecencia nas condicións sinaladas no parágrafo anterior.

3. As actuacións comprobatorias seguidas a un mesmo suxeito, unha vez iniciadas, non poderán interromperse por tempo superior a tres meses, agás que a interrupción sexa causada polo suxeito inspeccionado ou persoas dependentes del.

4. Con independencia da súa duración e modalidades aplicadas, as comprobacións sobre o suxeito ins-

peccionado correspondentes a unha actuación inspectora consignaranse mediante dilixencia no libro de visitas, a copia da cal constará nos arquivos da Inspección, e terán o carácter de antecedente para sucesivas actuacións que se realicen ó mesmo suxeito.

Artigo 18. *Continuidade das actuacións inspectoras.*

1. As actuacións inspectoras levaranas a cabo, ata a súa conclusión, os inspectores ou subinspectores que as iniciasen. En caso de cesamento, traslado, enfermidade ou outra causa concorrente nos ditos funcionarios, o seu superior xerárquico poderallas encomendar a outro funcionario, notificándollo ó suxeito inspeccionado.

2. Iniciadas actuacións inspectoras, o respectivo xefe de Inspección provincial poderá dispor, en calquera momento, a incorporación doutro ou outros funcionarios cando a súa dificultade ou duración o aconselle.

3. Se no curso das actuacións o actuante incorrese inxustificadamente en demora, a súa actuación non respondese ó nivel técnico esixible, se desviase manifestamente das normas e instrucións que rexen a función inspectora, ou incorrese en causa de abstención, o xefe de Inspección provincial relevarao do dito asunto por outro funcionario, comunicándollo ó suxeito inspeccionado.

Artigo 19. *Adopción de medidas cautelares.*

1. A Inspección de Traballo e Seguridade Social poderá, de acordo co artigo 5 da Lei ordenadora, adoptar as medidas que xulgue adecuadas para impedir que se lle oculten ou desaparezan probas materiais, se destrúan ou alteren os libros, documentos, material informatizado e demais antecedentes suxeitos a exame; para este efecto, a dita Inspección poderá solicitar das autoridades competentes e dos seus axentes o auxilio e colaboración precisos.

2. A Inspección de Traballo e Seguridade Social reflectirá as medidas cautelares adoptadas, con indicación dos materiais a que afecte, en dilixencia no libro de visitas ou, no seu defecto, por outro medio escrito e que faga fe notificado ó interesado.

Artigo 20. *Libro de visitas da Inspección de Traballo e Seguridade Social.*

En cada actuación sobre o inspeccionado, os funcionarios da Inspección de Traballo e Seguridade Social redactarán unha dilixencia no libro de visitas da Inspección que debe existir en cada centro de traballo á súa disposición, ocupe ou non traballadores por conta allea, con suxeición ás normas reguladoras do dito libro. As medidas de advertencia, recomendación ou requirimento efectuadas polos funcionarios da dita inspección, poderán formalizarse documentalmente mediante dilixencia no libro de visitas.

Artigo 21. *Capacidade de obrar ante a inspección.*

1. A capacidade de obrar ante a Inspección de Traballo e Seguridade Social e a súa acreditación réxese polas normas de dereito privado. As persoas xurídicas, de natureza pública ou privada, actuarán por medio de quen, no momento da actuación inspectora, ocupe os órganos da súa representación ou a teña conferida, sempre que o acredite conforme a dereito.

2. As actuacións inspectoras seguiranse cos suxeitos obrigados, que poderán actuar por medio de representante debidamente acreditado ante o funcionario actuante, co que se entenderán as sucesivas actuacións. O representante non poderá eludir a declaración sobre feitos ou circunstancias con transcendencia inspectora

que deban ser coñecidos polo representado. A actuación mediante representante sen capacidade ou insuficientemente acreditado considerárase incomparecencia, cando se solicitase a comparecencia do suxeito obrigado. Presumírase outorgada autorización a quen compareza ante a Inspección para actos de mero trámite que non precisen poder de representación do suxeito obrigado.

3. Nas actuacións inspectoras relacionadas cos traballadores, aplicarase, para efectos da súa representación colectiva, o disposto na normativa específica sobre representación polos órganos unitarios e sindicais, sen prexuízo da capacidade individual de obrar que corresponda a cada traballador.

SECCIÓN 2.^a ACTUACIÓNS DOS INSPECTORES DE TRABALLO E SEGURIDADE SOCIAL

Artigo 22. *Formas de actuación dos inspectores de Traballo e Seguridade Social.*

1. Os inspectores de Traballo e Seguridade Social actuarán de conformidade co establecido no artigo 13.1 da Lei ordenadora da Inspección de Traballo e Seguridade Social.

2. A actuación por orde superior formalizarase mediante orde emitida conforme o artigo seguinte, e expedirse en tódolos supostos a que se refire o artigo 9.1 do Regulamento xeral sobre procedementos para a imposición de sancións por infraccións de orde social e para os expedientes liquidatorios de cotas da Seguridade Social aprobado polo Real decreto 928/1998, do 14 de maio.

3. A actuación por propia iniciativa dos inspectores suxeitarase a criterios de eficacia e de oportunidade, acomodándose á programación vixente na inspección do seu destino.

4. Cando a actuación sexa consecuencia de denuncia, a Inspección de Traballo e Seguridade Social iniciará, unha vez recibida aquela, as correspondentes actuacións de comprobación e investigación se concorren indicios suficientes de veracidade ou exactitude nos feitos denunciados. Para tal fin, poderalle solicitar ó denunciante a súa comparecencia para ratificar, ampliar ou concretalo contido da denuncia.

Artigo 23. *Ordes de servicio.*

1. O sinalamento de actuacións concretas ós inspectores e ós equipos de inspección materializarase en ordes de servicio, nos supostos a que se refire o número 2 do artigo anterior.

2. As ordes de servicio serán expedidas polo respectivo xefe ou xefe adxunto da Inspección Provincial, ou polos das súas unidades especializadas na súa área funcional. As ordes de servicio formularanse por escrito e conterán os datos de identificación do servicio encomendado, na forma que se dispoña.

3. O inspector ou equipo destinatario dunha orde de servicio, sen prexuízo de adoptar as medidas que procedan, emitirá informe que recolla o resultado da actuación encomendada unha vez finalizada.

Artigo 24. *Autonomía técnica e funcional dos inspectores de Traballo e Seguridade Social.*

1. Os inspectores de Traballo e Seguridade Social están facultados para desempeñaren tódalas competencias que a Inspección de Traballo e Seguridade Social ten atribuídas no artigo 3 da Lei 42/1997, e no seu exercicio dispoñen da autonomía técnica e funcional recoñecida no artigo 6 daquela. A dita autonomía fundaméntase na obxectividade e rigor técnico de cada

actuación, no respecto ós principios de eficacia e xerarquía que se materializan nas instrucións e criterios técnicos establecidos no marco do artigo 18.3, números 7 e 12, da Lei ordenadora da Inspección de Traballo e Seguridade Social.

2. A autonomía técnica non exime o inspector da súa obriga de actuación cando corresponda, de cumprir en prazo as ordes de servicio que se lle encomenden, nin dos controis que se establezan en canto a rendemento, cumprimento de obxectivos e adecuación da súa actuación ás normas, criterios e instrucións aplicables.

3. Os xefes das inspeccións provinciais e das súas unidades especializadas corruxarán as desviacións ós principios anteriores.

Artigo 25. Medidas derivadas da actividade dos inspectores.

Os inspectores de Traballo e Seguridade Social, concluída a actividade comprobatoria nos termos do artigo 7 da Lei ordenadora da Inspección de Traballo e Seguridade Social, poderán adoptar as medidas que autoriza este precepto.

Así mesmo, poderán tomar as iniciativas que procedan para o requirimento ou proposta de liquidación de cotas conforme a lexislación reguladora da Seguridade Social, proporlle ó órgano correspondente que esixa a devolución do indebidamente percibido por prestacións ou axudas en fraude, e instar a actuación do Ministerio Fiscal se procede e pola canle establecida.

SECCIÓN 3.^a ACTUACIÓNS DOS SUBINSPECTORES DE EMPREGO E SEGURIDADE SOCIAL

Artigo 26. Actuacións dos subinspectores de Emprego e Seguridade Social.

1. Los subinspectores de Emprego e Seguridade Social actuarán, como norma xeral, no marco operativo do equipo ó que estean adscritos, nos termos do artigo 8 da Lei ordenadora da Inspección de Traballo e Seguridade Social.

2. As ordes de servicio encomendadas a cada equipo responderán ó establecido no artigo 23. O inspector que estea á fronte do equipo distribuirá a súa execución entre os subinspectores que o integren, e dirixirá e supervisará por si mesmo ou mediante outro inspector adscrito ó mesmo equipo, con suxeición ás instrucións que se establezan.

3. A actuación dos subinspectores de Emprego e Seguridade Social corresponderá ós servicios encomendados conforme o punto anterior. Estas encomendas de servicio poderán ser:

a) Xenéricas, para o desenvolvemento de comprobacións da súa competencia que motiven un conxunto de actuacións sobre supostos homoxéneos programados que afecten a varios suxeitos dun mesmo sector ou zona.

b) Específicas, para actuacións concretas sobre suxeitos obrigados expresamente determinados e individualizados.

Artigo 27. Medidas derivadas da actividade dos subinspectores.

Os subinspectores de Emprego e Seguridade Social emitirán un informe interno sobre os resultados de cada actuación encomendada ó que xuntarán os documentos que correspondan; así mesmo emitirán os informes que procedan, que serán supervisados polo inspector de Traballo e Seguridade Social que corresponda en aplicación do artigo anterior. Os subinspectores están facultados

para adoptaren as medidas a que se refire o artigo 8 deste regulamento. As actas de infracción e as de liquidación de cotas que procedan serán practicadas e asinadas polo subinspector ou subinspectores actuantes, co visado do inspector de Traballo e Seguridade Social cando proceda. Os subinspectores practicarán, así mesmo, as propostas de liquidación que se deriven da súa actuación.

CAPÍTULO III

Principios ordenadores do funcionamento da Inspección de Traballo e Seguridade Social

SECCIÓN 1.^a PROGRAMACIÓN DE OBXECTIVOS PARA A ACCIÓN INSPECTORA

Artigo 28. Principios básicos.

1. A Inspección de Traballo e Seguridade Social programará a súa actuación segundo os obxectivos que determinen as autoridades competentes, e funcionará con suxeición ós principios de concepción institucional única e integral e ós establecidos no artigo 103 da Constitución. Os obxectivos para a acción inspectora poderán ser de ámbito xeral ou territorial, en atención ó seu carácter e ámbito espacial de desenvolvemento.

2. Os programas xerais de obxectivos son aqueles dos que o desenvolvemento comprobatorio afecte a territorios de máis dunha comunidade autónoma, nos termos dos artigos 18.3.9 e 21 da Lei ordenadora da Inspección de Traballo e Seguridade Social. Os programas territoriais de obxectivos son aqueles o desenvolvemento dos cales se limita ó territorio dunha comunidade autónoma, segundo o artigo 17 da Lei ordenadora citada.

Artigo 29. Programas xerais de obxectivos.

1. Os programas xerais de obxectivos da Inspección de Traballo e Seguridade Social, derivados das liñas de acción definidas pola Conferencia Sectorial de Asuntos Laborais, elaboraranse na forma seguinte:

1.º A Autoridade Central da Inspección de Traballo e Seguridade Social e as autoridades autonómicas poderán proporlle á Conferencia Sectorial de Asuntos Laborais obxectivos de inspección de alcance xeral.

2.º Definidos pola Conferencia Sectorial tales obxectivos xerais, a distribución das súas actuacións por áreas funcionais será realizada pola Autoridade Central da Inspección de Traballo e Seguridade Social entre as inspeccións provinciais agrupadas por direccións territoriais, comunicándolle ós presidentes das comisións territoriais. Para o seu seguimento e avaliación, poderán seleccionarse indicadores de cantidade e calidade, de modalidades de fraude, de carácter sectorial, de dimensión ou tipo de empresas, ou outros que se consideren. Así mesmo, poderán establecerse procedementos de seguimento e para o seu axuste ou modificación.

2. Para o cumprimento de obxectivos establecidos pola Unión Europea a través do seu Comité de Altos Responsables da Inspección de Traballo en materias rexidas por directivas europeas, procederase na mesma forma establecida no punto anterior, cando afecte o desenvolvemento xeral da acción inspectora en España.

3. Nos programas xerais de obxectivos de ámbito supraautonómico de competencia da Administración xeral do Estado, procederase da seguinte forma:

1.º A Autoridade Central da Inspección, oídos os órganos interesados, formulará o programa de obxectivos de alcance supraautonómico, particularmente en

materia de réxime económico da Seguridade Social e de Traballo de estranxeiros.

2.º No posible, e sen ruptura da unidade de acción e de criterio, a Autoridade Central desagregará tales obxectivos por inspeccións provinciais, e comunicarllo, en tal caso, ós respectivos presidentes das comisións territoriais para efecto da súa consideración nos programas territoriais a que se refire o artigo seguinte.

Artigo 30. *Programas territoriais de obxectivos.*

1. Coa periodicidade que determine, cada Comisión Territorial da Inspección de Traballo e Seguridade Social establecerá o programa territorial de obxectivos para a actuación da dita Inspección no seu territorio, tanto de competencia autonómica como estatal, integrando, de se-lo caso, as previsións dos plans xerais no desenvolvemento territorial que corresponda coa debida desagregación provincial.

2. Sen prexuízo do establecido no artigo anterior, a Autoridade Central da Inspección comunicarlle ó presidente da respectiva Comisión Territorial a proposta de obxectivos de desenvolvemento territorializado de competencia da Administración xeral do Estado, para a súa integración no programa territorial. A autoridade que determine a respectiva comunidade autónoma cumprirá o mesmo cometido nas materias de competencia autonómica. A Comisión Territorial acordará a programación que corresponda. Cando non estea constituída a Comisión Territorial, as funcións desta atribúenselle á Conferencia Sectorial de Asuntos Laborais.

3. Sen prexuízo das funcións que corresponden á Autoridade Central e ás comisións territoriais, os directores territoriais e os xefes das inspeccións provinciais tomarán as medidas para a efectividade dos programas de obxectivos que os afecten, e efectuarán o seguimento periódico e sistemático sobre o seu grao de cumprimento.

Artigo 31. *Criterios de programación de servizos.*

1. En aplicación dos programas de obxectivos a que se refiren os artigos 29 e 30, as inspeccións provinciais e as súas unidades especializadas disporán a programación interna dos seus servizos, en función da súa capacidade e medios dispoñibles e en consideración, entre outros, ós factores seguintes:

a) A transcendencia ou repercusión social dos asuntos obxecto da actuación, segundo os obxectivos sinalados por aplicación dos artigos 29 e 30.

b) O efecto disuasorio que se pretenda obter coa acción inspectora.

c) A importancia, tipo e situación do centro ou lugar de traballo, ou do sector de actividade.

d) A incidencia no réxime económico da Seguridade Social do volume de ingresos defraudados.

e) A incidencia da fraude nas prestacións sociais.

f) O volume de emprego das empresas ou sectores afectados.

g) A perigosidade dos riscos do traballo e a frecuencia e gravidade dos accidentes de traballo ou enfermidades profesionais.

h) Os que deriven de necesidades evidenciadas polos axentes sociais, ou denoten reiteracións nas denuncias recibidas.

2. No desenvolvemento temporal de actuacións, a Inspección provincial dará preferencia ás orixinadas por accidentes de traballo ou denuncias relativas a riscos graves e inminentes, as derivadas de ordes de servizo ás que se confira carácter urxente e as que correspondan á programación e obxectivos establecidos para a correspondente Inspección provincial ou unidade especializada pola respectiva autoridade.

SECCIÓN 2.ª NORMAS DE FUNCIONAMENTO TERRITORIAL E FUNCIONAL

Artigo 32. *Normas funcionais: unidade de función e especialización.*

1. Os inspectores de Traballo e Seguridade Social desenvolverán a totalidade de cometidos que teñen encomendados baixo as directrices técnicas da Autoridade Central da Inspección de Traballo e Seguridade Social e en dependencia directa dos respectivos xefes de Inspección provincial e, se é o caso, xefes das unidades especializadas.

2. Os subinspectores de Emprego e Seguridade Social desenvolverán as súas funcións propias no réxime sinalado no punto anterior, baixo a inmediata dirección técnica e funcional do inspector do que dependan.

3. Poderá encomendarse ós inspectores de Traballo e Seguridade Social e ós subinspectores de Emprego e Seguridade Social a dedicación preferente a tarefas especializadas correspondentes ás áreas funcionais da acción inspectora que se determinen, tendo en conta a capacidade, dimensión e complexidade de cada Inspección provincial.

4. A especialización funcional será compatible coa aplicación dos principios de unidade de función e de acto na actuación inspectora, na forma disposta no artigo 6.2 da Lei ordenadora da Inspección de Traballo e Seguridade Social e neste regulamento.

Artigo 33. *Normas de distribución territorial.*

1. Os funcionarios e equipos da Inspección de Traballo e Seguridade Social exercerán as súas funcións no territorio ó que estenda a súa competencia o órgano inspector do seu destino.

2. A Inspección de Traballo e Seguridade Social adecuará a súa organización operativa á división xeográfica e denominacións que teña establecida cada comunidade autónoma, se así se establece no correspondente acordo bilateral desta coa Administración xeral do Estado.

3. As actuacións inspectoras sobre empresas ou sectores con actividade no territorio de máis dunha comunidade autónoma, serán exercidas pola Dirección Especial da Inspección de Traballo e Seguridade Social regulada neste regulamento, sen prexuízo, se así se determina, da colaboración e participación das inspeccións provinciais baixo unidade de acción e de criterio.

4. A Autoridade Central da Inspección de Traballo e Seguridade Social poderá dispor actuacións por funcionarios fóra dos límites territoriais do seu destino, mediante agregación temporal á Inspección provincial correspondente.

Artigo 34. *Criterios de distribución funcional.*

Nas inspeccións provinciais en que, polas súas características ou volume de asuntos, se establezan unidades especializadas para a acción inspectora en áreas funcionais, segundo a correspondente relación de postos de traballo, os funcionarios asignados a elas dedicarán preferentemente a súa actividade ás materias correspondentes a tales áreas, no marco territorial a que se refire o artigo anterior, e sen prexuízo do establecido no artigo 32. Se se establece por acordo bilateral, tales estruturas especializadas poderán estende-la súa competencia ó ámbito territorial autonómico, co mesmo réxime antes indicado.

Artigo 35. *Coordinación e colaboración.*

Conforme o artigo 15.1 da Lei ordenadora da Inspección de Traballo e Seguridade Social, e polas canles

que se establezan, os órganos e estruturas territoriais da Inspección de Traballo e Seguridade Social comunicarán entre si os datos e antecedentes de que dispoñan con relevancia para a acción inspectora que corresponda a outros ámbitos territoriais.

SECCIÓN 3.^a NORMAS SOBRE SERVICIOS ENCOMENDADOS
POLAS AUTORIDADES NO ÁMBITO DAS SÚAS COMPETENCIAS

Artigo 36. *Servicios dispuestos por autoridades das comunidades autónomas.*

1. A Inspección de Traballo e Seguridade Social cumprirá os servicios que lle encomenden os órganos que sinalen as comunidades autónomas no ámbito das súas competencias. Baixo a mesma dependencia funcional, a Inspección desenvolverá os cometidos que lle corresponden no ámbito das competencias autonómicas, aínda sen orde ou solicitude expresa de actuación concreta.

2. A Inspección de Traballo e Seguridade Social emitirá os informes preceptivos ou potestativos que lle soliciten as autoridades autonómicas en materia da competencia destas. Así mesmo, a Inspección poderá informar-las ditas autoridades en materias de competencia estatal, cando sexa de interese para o mellor desenvolvemento das funcións que correspondan á autonomía.

Artigo 37. *Servicios dispuestos por órganos territoriais da Administración xeral do Estado.*

1. A Inspección de Traballo e Seguridade Social cumprirá os servicios que, na esfera das súas competencias, determinen os delegados e subdelegados do Goberno. Así mesmo, a Inspección facilitaralles ós ditos órganos a información que soliciten en cada caso e, periodicamente, a que determine a súa autoridade central, dando cumprimento ó establecido no artigo 35 da Lei 6/1997, do 14 de abril, de organización e funcionamento da Administración xeral do Estado.

2. A Inspección desenvolverá as actuacións que lle sexan solicitadas polos órganos territoriais dos organismos xestores e servicios comúns da Seguridade Social, Fondo de Garantía Salarial e demais organismos con funcións na orde social.

3. A citada Inspección colaborará coa Axencia Estatal de Administración Tributaria, en réxime de mutua cooperación. Mediante acordo dos ministerios de Economía e Facenda e de Traballo e Asuntos Sociais, estableceranse as normas de colaboración e coordinación a que se refire o número 2 do artigo 9 da Lei ordenadora da Inspección de Traballo e Seguridade Social.

Artigo 38. *Servicios dispuestos por órganos centrais da Administración do Estado.*

A Inspección de Traballo e Seguridade Social cumprirá os servicios que, pola canle da autoridade central, lle encomenden os órganos do Ministerio de Traballo e Asuntos Sociais no ámbito da competencia de execución da Administración xeral do Estado, e facilitará a información de carácter xeral que resulte necesaria para o mellor desenvolvemento da función normativa que lle corresponda ó Estado.

Artigo 39. *Colaboración coa Administración de Xustiza.*

1. A Inspección de Traballo e Seguridade Social emitirá os informes e atenderá as solicitudes de actuación que sexan formuladas polos órganos xudiciais, nos termos legalmente establecidos.

2. A Inspección de Traballo e Seguridade Social porá en coñecemento do Ministerio Fiscal aqueles feitos que coñezan nas súas actuacións e que puidesen ser constitutivos de delitos públicos, comunicándollos á autoridade correspondente.

Artigo 40. *Canle orgánica.*

Sen prexuízo da dependencia funcional dos inspectores e subinspectores, nos termos do artigo 18.2 da Lei ordenadora da Inspección de Traballo e Seguridade Social, a execución de actuacións que se lle encomenden á Inspección a que se refiren os artigos 36 a 39 producirase pola canle orgánica natural do respectivo xefe de inspección provincial, agás que a acción que se vaia desenvolver corresponda ós ámbitos supraprovincial ou supraautonómico en que será por conducto do director territorial ou especial, respectivamente.

TÍTULO III

Organización do sistema de Inspección de Traballo e Seguridade Social

CAPÍTULO I

Estructura xeral do sistema

SECCIÓN 1.^a ESTRUCTURA ORGANIZATIVA

Artigo 41. *Principios xerais.*

1. En aplicación do artigo 15 da Lei ordenadora, a Administración xeral do Estado e as das comunidades autónomas, no ámbito das súas competencias, garantirán o exercicio e eficacia das funcións da Inspección de Traballo e Seguridade Social, con suxeición ós principios de concepción única e integral do seu sistema, servíndose dos órganos sinalados no punto seguinte para a efectividade dos principios de colaboración e cooperación recíprocas.

2. A Inspección de Traballo e Seguridade Social, baixo a dependencia orgánica da Administración xeral do Estado, estrutúrase territorial e operativamente na súa Autoridade Central, que integrará á Dirección Especial a que se refiren os artigos 57 e 58 e nas direccións territoriais e inspeccións provinciais, co nivel orgánico que se determine na correspondente relación de postos de traballo. As demais estruturas operativas de rango inferior intégranse nas anteriormente citadas.

3. Mediante a Conferencia Sectorial de Asuntos Laborais e as comisións territoriais desenvolveranse os principios de coordinación, colaboración e cooperación recíprocas dos poderes públicos con competencias na materia.

SECCIÓN 2.^a ÓRGANOS DE COLABORACIÓN E COOPERACIÓN
DAS ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS EN MATERIA DE INSPECCIÓN
DE TRABALLO E SEGURIDADE SOCIAL

Artigo 42. *A Conferencia Sectorial de Asuntos Laborais.*

1. A Conferencia Sectorial de Asuntos Laborais é o órgano de colaboración e cooperación entre a Administración xeral do Estado e as das comunidades autónomas en materia de inspección de traballo e seguridade social, nos termos do artigo 16 da Lei ordenadora da Inspección de Traballo e Seguridade Social.

2. A Conferencia Sectorial de Asuntos Laborais funciona con suxeición ó seu regulamento interno e coñecerá das cuestións de carácter multilateral relativas ó

sistema de Inspección de Traballo e Seguridade Social que se lle sometan ou que soliciten os seus membros. Para tal obxecto poderá coñecer dos programas xerais e territoriais de obxectivos, as propostas de integración ou coordinación de plans territoriais, coñecerá a programación acordada nas comisións territoriais, a disposición xeral de medios e a súa distribución, e cantos outros asuntos se estimen pertinentes.

3. Anualmente, a Autoridade Central da Inspección presentará á Conferencia Sectorial un informe sobre a actuación xeral do sistema de inspección no ano anterior.

Artigo 43. *Comisión de traballo da Conferencia Sectorial.*

1. En aplicación do artigo 18.3.4 da Lei ordenadora da Inspección de Traballo e Seguridade Social, como órgano propio e delegado da Conferencia Sectorial de Asuntos Laborais en materia da dita inspección, existirá a comisión de traballo integrada por representantes con rango orgánico de director xeral da Administración xeral do Estado e de cada comunidade autónoma, presidida de acordo co regulamento interno da dita Conferencia Sectorial. Poderá convocarse por iniciativa do seu presidente ou de calquera dos seus membros, en cuestións que afecten na materia ó conxunto das administracións competentes.

2. A Autoridade Central desempeñará a secretaría permanente da comisión de traballo e preparará os traballos que correspondan á Conferencia Sectorial nesta materia.

Artigo 44. *As comisións territoriais da Inspección de Traballo e Seguridade Social.*

1. As comisións territoriais da Inspección de Traballo e Seguridade Social son órganos de cooperación bilateral para facilita-lo cumprimento dos cometidos propios da Inspección de Traballo e Seguridade Social no territorio de cada comunidade autónoma.

2. A súa composición, réxime de funcionamento e cometidos serán determinados nos acordos bilaterais a que se refire o artigo 17 da Lei ordenadora da Inspección de Traballo e Seguridade Social. A súa presidencia corresponderalle á autoridade de cada comunidade autónoma co rango que se acorde.

3. Sen prexuízo dos referidos acordos bilaterais, a Comisión Territorial pode acordar e establecer regras de cooperación e de funcionamento nos aspectos seguintes:

1.º A definición dos obxectivos e programas de actuación ordinaria da Inspección de Traballo e Seguridade Social no respectivo territorio, no marco das liñas de acción que establece a Conferencia Sectorial.

2.º A integración de obxectivos xerais cos do correspondente territorio, na medida en que aqueles teñan que ser executados polas estruturas territoriais de actuación inspectora.

3.º O seguimento xeral da execución dos obxectivos e programas de actuación establecidos pola comisión.

4.º Os mecanismos de información, comunicación e colaboración entre a Administración xeral do Estado e a comunidade autónoma en materia de inspección de traballo e seguridade social no respectivo territorio.

5.º A organización e definición concreta do apoio técnico e a colaboración pericial a que se refire o artigo 2 punto 3 da Lei ordenadora da Inspección de Traballo e Seguridade Social.

6.º A definición de fórmulas de cooperación coa Inspección de Traballo e Seguridade Social, por parte das facendas e policía autónomas, así como as de

coordinación coas inspeccións doutras áreas de dependencia autonómica.

7.º A programación e seguimento das actuacións inspectoras de vixilancia das disposicións da Comunidade Autónoma con competencia lexislativa plena, cando se lle encomenden legalmente á Inspección de Traballo e Seguridade Social.

8.º A verificación das necesidades xerais de actuación inspectora e dos medios e colaboracións dispoñibles no respectivo territorio.

9.º Cantas outras se deriven do presente regulamento, do respectivo acordo bilateral ou estime oportuno abordala propia comisión na esfera da súa competencia.

4. As comisións territoriais da Inspección de Traballo e Seguridade Social poderán establece-lo seu regulamento interno de funcionamento.

5. A consulta previa ós axentes sociais sobre os plans de actuación da Inspección de Traballo e Seguridade Social en materia de prevención de riscos laborais, no respectivo territorio autonómico, correspóndelle ó presidente da Comisión Territorial.

6. A Autoridade Central comunicarlle ó presidente de cada Comisión Territorial os programas xerais a que se refiren os artigos 29 e concordantes, no que poida afecta-lo respectivo programa territorial. O presidente de cada Comisión Territorial comunicarlle á Autoridade Central a previsión dos seus programas de obxectivos, a programación territorial definitiva que se acorde e as súas eventuais modificacións.

Artigo 45. *Unidade xeral do sistema de inspección.*

En aplicación dos artigos 17.2 e 18.3.5 da Lei ordenadora da Inspección de Traballo e Seguridade Social, a súa Autoridade Central constituirá a canle orgánica ordinaria para as relacións institucionais entre os presidentes das comisións territoriais e as autoridades autonómicas co sistema de inspección, para garanti-la coherencia e eficacia nos cometidos que corresponden ó sistema de Inspección de Traballo e Seguridade Social. Para tal efecto, a dita Autoridade Central formará parte dos órganos xeral e territoriais de colaboración e cooperación das administracións públicas na materia obxecto deste regulamento, sen prexuízo do establecido no seu artigo 47.

CAPÍTULO II

Organización da Inspección de Traballo e Seguridade Social

SECCIÓN 1.ª ÓRGANOS DE ÁMBITO XERAL

Artigo 46. *A Autoridade Central da Inspección de Traballo e Seguridade Social.*

1. A Autoridade Central da Inspección de Traballo e Seguridade Social é un órgano directivo do Ministerio de Traballo e Asuntos Sociais, co rango que determine a Administración xeral do Estado, ó que lle corresponde a dirección, coordinación e fiscalización do sistema de Inspección de Traballo e Seguridade Social, nos termos do artigo 18 da Lei ordenadora da Inspección de Traballo e Seguridade Social.

2. A Inspección de Traballo e Seguridade Social depende organicamente da dita Autoridade Central e funcionalmente da Administración competente por razón da materia dos asuntos en que interveña, sen prexuízo do carácter unitario e integrado das súas actuacións.

3. A Oficina da Autoridade Central da Inspección de Traballo e Seguridade Social intégrese no Ministerio de Traballo e Asuntos Sociais. O regulamento de estruc-

tura orgánica básica deste departamento determinará a súa composición e estrutura.

4. Na Oficina da Autoridade Central, e baixo a súa presidencia, funcionará a Xunta Consultiva da Inspección de Traballo e Seguridade Social, constituída polos directores territoriais e especial da Inspección, e os directivos da Oficina e funcionarios do sistema que en cada caso se convoquen.

Artigo 47. *Competencias da autoridade central.*

En aplicación dos artigos 18 e 21 da Lei ordenadora da Inspección de Traballo e Seguridade Social, e no marco dos respectivos acordos bilaterais, correspóndelle á Autoridade Central da Inspección de Traballo e Seguridade Social:

1. Dirixir, coordinar e fiscaliza-la actuación e funcionamento da Inspección de Traballo e Seguridade Social, tendo en conta os programas xerais de obxectivos e os establecidos polas comisións territoriais da Inspección de Traballo e Seguridade Social e coñece-los informes e memorias das direccións territoriais e xefaturas provinciais.

2. Propor ou determina-los programas xerais de obxectivos para a acción inspectora, que correspondan a ámbitos supraautonómicos, de competencia estatal ou compartida ou que deriven de directrices supranacionais, conforme este regulamento.

3. Propor proxectos de normas legais e regulamentarias en materias relacionadas coa Inspección de Traballo e Seguridade Social.

4. Representa-lo sistema español e participar nos órganos da Unión Europea e nos demais ámbitos internacionais nos asuntos relacionados coa Inspección de Traballo e Seguridade Social.

5. Adopta-las medidas para a efectividade do principio de unidade institucional de criterio técnico e interpretativo nas actuacións da Inspección de Traballo e Seguridade Social, así como defini-los criterios técnicos e operativos comúns para a función inspectora en desenvolvemento dos obxectivos xerais que defina a Conferencia Sectorial de Asuntos Laborais.

6. Supervisar tecnicamente as funcións de alta inspección do Estado que se lle encomenden, de acordo coa disposición adicional terceira da lei ordenadora.

7. Mante-las relacións institucionais coas correspondentes autoridades das comunidades autónomas, especialmente cos respectivos presidentes de cada Comisión Territorial da Inspección de Traballo e Seguridade Social, para asegura-la coherencia xeral do sistema de inspección, o cumprimento das súas funcións, e asisti-las ditas autoridades nos seus cometidos.

8. Elabora-las estatísticas xerais e comúns para todo o Estado, e os informes e memorias sobre a actuación xeral do sistema da Inspección de Traballo e Seguridade Social, así como a memoria anual e os informes periódicos esixidos polos convenios e recomendacións da Organización Internacional do Traballo sobre a Inspección de Traballo e Seguridade Social, e os relativos ó Comité de Altos Responsables da Inspección de Traballo da Unión Europea.

9. Dirixi-la inspección de centros rexidos ou xestionados pola Administración do Estado. Dirixi-las actuacións inspectoras de alcance nacional ou supraautonómico e, se é o caso, a súa execución mediante a Dirección Especial de Inspección regulada na sección 5.^a deste capítulo.

10. Exerce-la xefatura do persoal do sistema da Inspección de Traballo e Seguridade Social, sen prexuízo das competencias atribuídas a outros órganos pola normativa de función pública e do que se estableza en aplicación do artigo 17 da lei ordenadora.

11. Organizar, a nivel xeral, os procesos de ingreso, formación, perfeccionamento e especialización na Inspección de Traballo e Seguridade Social, sen prexuízo das competencias atribuídas a outros órganos na normativa de función pública.

12. Coñecer e resolve-los expedientes e recursos sinalados pola normativa aplicable, así como os incoados pola Inspección que non correspondan expresamente a outros órganos.

13. Coñece-las cuestións que se susciten ante o departamento por actuacións da Inspección de Traballo e Seguridade Social, e as formuladas no ámbito das administracións autonómicas que estas sometan ó seu coñecemento.

14. Controlar e fiscaliza-la actuación e funcionamento dos centros e dependencias territoriais da Inspección de Traballo e Seguridade Social, sen prexuízo do disposto no artigo 17 da Lei ordenadora da Inspección de Traballo e Seguridade Social.

15. Establece-la adecuada coordinación cos organismos xestores dos sistemas de protección social para o desenvolvemento da acción inspectora nas materias do dito ámbito.

16. A relación xeral coas organizacións sindicais e empresariais, no que se refira ó conxunto do sistema.

17. Cantas outras lle correspondan legal ou regulamentariamente.

SECCIÓN 2.^a PRINCIPIOS XERAIS DE ESTRUCTURACIÓN TERRITORIAL DA INSPECCIÓN

Artigo 48. *Estructura territorial periférica da Inspección de Traballo e Seguridade Social.*

1. No territorio de cada comunidade autónoma existirá unha Dirección Territorial da Inspección de Traballo e Seguridade Social, que agrupará e coordinará as inspeccións provinciais do seu territorio, a través dos seus respectivos xefes de inspección.

2. En cada provincia e nas cidades de Ceuta e Melilla, a Inspección de Traballo e Seguridade Social organízase en inspeccións provinciais, coas unidades especializadas e composición de equipos que se establezan con suxeición a este regulamento, atendendo á dimensión e entidade de cada provincia.

3. As funcións de asistencia xurídica e as de intervención e control financeiro relacionadas co funcionamento da Inspección serán exercidas, respectivamente, polo Servicio Xurídico do Estado e pola Intervención Xeral da Administración do Estado, de acordo en ámbolos casos coa súa normativa específica, sen prexuízo da asistencia xurídica que corresponda en materias de competencia autonómica.

Artigo 49. *Carácter de servicios non integrados na Delegación do Goberno.*

1. As direccións territoriais da Inspección de Traballo e Seguridade Social e as inspeccións provinciais, pola singularidade das súas funcións e volume de xestión, teñen a condición de servicios non integrados nas delegacións do Goberno con dependencia directa da Autoridade Central, que dirixirá e coordinará a súa actuación de acordo co establecido neste regulamento.

2. Estes servicios non integrados estrutúranse conforme establece este regulamento, de acordo co disposto nos artigos 33 e 34 da Lei 6/1997, do 14 de abril, e no artigo 1 do Real decreto 2725/1998 sobre integración das direccións provinciais de Traballo, Seguridade Social e Asuntos Sociais nas delegacións do Goberno, todo isto sen prexuízo das competencias atribuídas ós delegados do Goberno pola dita lei respecto de tales servicios.

SECCIÓN 3.^a DIRECCIÓN TERRITORIAIS E INSPECCIÓN PROVINCIAISArtigo 50. *Direccións territoriais da Inspección de Traballo e Seguridade Social.*

1. As direccións territoriais da Inspección de Traballo e Seguridade Social agrupan e coordinan a actuación das xefaturas da Inspección Provincial no territorio de cada comunidade autónoma, coa estrutura e os medios para o correcto desenvolvemento dos seus cometidos.

2. A Dirección Territorial da Inspección radicarán na localidade ou provincia onde estea situada a capitalidade autonómica, salvo o que se determine mediante acordo bilateral entre as administracións do Estado e autonómica.

3. Nas autonomías uniprovinciais, o dispositivo inspector e dos seus servizos administrativos serán comúns e con estrutura única para a Dirección Territorial e a Inspección Provincial. O mesmo criterio se aplicará cando, pola dimensión e complexidade da acción inspectora no territorio dunha determinada comunidade autónoma, as titularidades da Dirección Territorial e da Inspección Provincial da sede autonómica concorran no mesmo inspector.

Artigo 51. *Directores territoriais.*

1. Os directores territoriais da Inspección serán designados polo subsecretario de Traballo e Asuntos Sociais, por proposta da Autoridade Central, logo de consulta coa correspondente autoridade autonómica, salvo o que se acorde con carácter bilateral, de entre inspectores de Traballo e Seguridade Social con máis de catro anos de servizos no sistema, dando cumprimento ó establecido no artigo 23.1 da Lei 6/1997, do 14 de abril, de organización e funcionamento da Administración xeral do Estado.

2. Os directores territoriais da Inspección poderán asumir as funcións propias do xefe de Inspección Provincial nas provincias en que radique a súa sede, se así se determina e, en todo caso, asumirán nas comunidades autónomas uniprovinciais. Nas cidades de Ceuta e Melilla non existirá dirección territorial.

3. Os directores territoriais da Inspección de Traballo e Seguridade Social, posto que existirá onde sinale a relación de postos de traballo, terán os seguintes cometidos:

1.º Coordina-la actuación dos xefes das inspeccións provinciais de Traballo e Seguridade Social do seu territorio.

2.º A relación orgánica e a inherente á súa dependencia funcional, coas competentes autoridades autonómicas e estatais. Para tales efectos, trimestralmente informará sobre as actuacións, resultados e incidencias da inspección na súa demarcación ó presidente da respectiva Comisión Territorial e á Autoridade Central.

3.º Propo-las medidas para o apoio técnico e a colaboración pericial para o desempeño da actuación inspectora de seguridade e saúde laboral en aplicación das regras que se acordasen.

4.º Pór de manifesto á Autoridade Central ou á Autonómica, as necesidades existentes para o desempeño da función inspectora no seu ámbito territorial, propondo razoadamente as súas posibles solucións.

5.º Impulsar e exercer-la coordinación cos organismos xestores dos sistemas de protección social pública.

6.º Coñecer e resolver-los recursos da súa competencia nos termos sinalados pola normativa aplicable.

7.º Elevarlle á Autoridade Central as propostas que pola súa transcendencia ou interese xeral determinen

a conveniencia de establecer criterios técnicos comúns para a actuación inspectora.

8.º Formar parte da Xunta Consultiva a que se refire o artigo 46.4 deste regulamento e dos órganos colexiados que resulten do respectivo acordo bilateral.

9.º Calquera outro de natureza análoga ós anteriores ou que lle poidan encomenda-la Autoridade Central, a autonómica ou a respectiva Comisión Territorial.

4. En caso de vacante, ausencia ou enfermidade, os directores territoriais da Inspección de Traballo e Seguridade Social serán substituídos polo xefe de Inspección da provincia en que radique a súa sede ou, no seu defecto, polo xefe ou xefe adxunto que se determine. Nas comunidades uniprovinciais substituirao o inspector que se determine.

Artigo 52. *Inspeccións provinciais de Traballo e Seguridade Social.*

1. Nas cidades de Ceuta e Melilla e en cada provincia existirá unha inspección provincial con competencia no seu territorio. Nas comunidades autónomas das Illes Balears e de Canarias a súa organización e dotación poderán responder ás peculiaridades da súa insularidade. A Inspección Provincial de Traballo e Seguridade Social constitúe a unidade administrativa de destino dos funcionarios no despregamento periférico; dispoñe de capacidade funcional, administrativa e de xestión orzamentaria; e estará dotada dos medios persoais, materiais e operativos que permitan unha acción inspectora integral no seu territorio.

2. Sen prexuízo das funcións que corresponden ó respectivo director territorial, cada Inspección Provincial depende organicamente da Autoridade Central e funcionalmente da autoridade da Administración competente nas materias en que actúe.

3. As inspeccións provinciais asumirán o desenvolvemento e execución dos programas xerais que lles afecten e o que estableza para o seu ámbito a respectiva Comisión Territorial, para o cumprimento do cal establecerán a oportuna programación de servizos.

4. Cada Inspección Provincial integrará as unidades especializadas que esixan as súas necesidades segundo a relación de postos de traballo, e organizará o seu funcionamento de acordo cos equipos de inspección a que se refire o artigo 56 deste regulamento.

Artigo 53. *Xefes da Inspección Provincial de Traballo e Seguridade Social.*

1. Os xefes das Inspeccións Provinciais de Traballo e Seguridade Social dirixen e coordinan a Inspección de Traballo e Seguridade Social na súa provincia, baixo a coordinación do director territorial.

Serán designados, de entre inspectores de Traballo e Seguridade Social con máis de tres anos de servizos no sistema, polo subsecretario de Traballo e Asuntos Sociais, por proposta da Autoridade Central da Inspección, oída a autoridade correspondente da Comunidade Autónoma con competencias na orde social e dando cumprimento ó artigo 23.1 da Lei 6/1997, do 14 de abril.

2. O xefe da Inspección Provincial de Traballo e Seguridade Social, asistido, se é o caso, polo xefe adxunto e polo das unidades especializadas que estableza a relación de postos de traballo, terá os cometidos seguintes:

a) As relacións cos órganos competentes da comunidade autónoma e da Administración xeral do Estado no ámbito da súa provincia, en canto ós cometidos do sistema da Inspección de Traballo e Seguridade Social.

b) Programa-la acción en cumprimento dos obxectivos asignados; dirixi-la asignación de servicios ás unidades especializadas, inspectores e equipos, e o seu rexistro por orde cronolóxica; o control dos termos e prazos para as actuacións; velar polo cumprimento das instrucións e programación de servicios de funcionamento da Inspección.

c) Supervisar e controla-la dilixencia na formalización de servicios por unidades, inspectores e equipos de inspección, e a calidade dos seus resultados, devolvendo para a súa corrección os que resulten insuficientes, defectuosos ou que contraríen os criterios técnicos establecidos para o efecto.

d) Realizar ou encomendarlle a outro inspector as actuacións en centros xestionados pola Administración do Estado na provincia, en delegación da Autoridade Central.

e) Exerce-las competencias sancionadoras que lle correspondan, nos termos regulamentarios.

f) Remitirlles ós órganos xurisdiccionais os informes solicitados e promove-las actuacións xudiciais que procedan mediante o traslado das comunicacións que lle correspondan ó Ministerio Fiscal.

g) A representación na provincia da Inspección de Traballo e Seguridade Social, incluso nos órganos dos que forme parte, podendo delega-la asistencia noutro inspector.

h) Proporlle á Autoridade Central da Inspección de Traballo e Seguridade Social a designación do inspector que deba substituílo, cando proceda.

i) Elevar mensualmente á Autoridade Central e ó director territorial o resumo xeral de servicios efectuados pola Inspección Provincial e os seus membros. E, trimestralmente, informe sobre o cumprimento da lexislación de orde social, e sobre o funcionamento e estado da Inspección Provincial.

j) Formula-las propostas de gastos de indemnización por axudas de custo e locomoción de inspectores e subinspectores, visar e remiti-las súas contas xustificativas, exerce-las demais competencias orzamentarias, e dirixi-la acción administrativa da Inspección Provincial.

k) Celebrar reunións periódicas cos funcionarios do cadro de persoal provincial para a súa mellor coordinación e eficacia, vixia-lo funcionamento dos servicios, e calquera outro análogo ou que lle encomende a súa superioridade.

3. Nas provincias en que pola súa dimensión se determine na relación de postos de traballo, existirán un ou varios xefes adxuntos, ós que lles corresponderán os cometidos que se sinalen.

Artigo 54. *Secretaría Xeral da Inspección Provincial.*

A Secretaría Xeral da Inspección Provincial é o órgano técnico de xestión dos servicios xerais da Inspección Provincial. O posto de secretario xeral proverase mediante concurso entre funcionarios do nivel que estableza a relación de postos de traballo; actuará baixo a dirección do xefe de Inspección e, se é o caso, do xefe adxunto.

SECCIÓN 4.^a ESTRUCTURAS BÁSICAS INTEGRADAS NAS INSPECCIÓN PROVINCIAIS

Artigo 55. *As unidades especializadas da Inspección.*

1. As unidades especializadas por áreas funcionais de acción inspectora intégranse nas inspeccións provinciais de Traballo e Seguridade Social. A súa constitución e composición responderá ás circunstancias de cada Inspección Provincial segundo o que establezan as relacións de postos de traballo e, se é o caso, os acordos bilaterais.

2. Os xefes das unidades especializadas, en dependencia do xefe da súa Inspección Provincial, dirixirán e coordinarán a acción inspectora correspondente á súa área funcional de actuación. Serán nomeados pola Autoridade Central, oído o xefe da Inspección Provincial, de entre inspectores de Traballo e Seguridade Social con máis de dous anos de servicios no sistema, sen prexuízo do que estableza o acordo bilateral. As funcións de xefe de unidade especializada serán desempeñadas polos xefes da Inspección Provincial cando, pola súa dimensión e complexidade, se estableza a súa cobertura unificada na relación de postos de traballo.

3. Sen prexuízo das facultades do xefe da Inspección Provincial, correspóndenlles ós xefes das unidades especializadas as seguintes funcións:

1.^a Organiza-lo funcionamento da súa unidade e da área funcional asignada, en dependencia do xefe da Inspección Provincial para a coordinación coas demais estruturas dela.

2.^a Dirixir, programar, coordinar e valora-las actuacións na súa área funcional, coas funcións previstas no artigo 53.2.c).

3.^a Formular, por delegación do xefe da Inspección provincial, as ordes de servicio dos inspectores e equipos que correspondan á súa esfera funcional.

4.^a Elabora-los resumos mensuais de servicios dos funcionarios da súa unidade, cando os teña asignados.

5.^a Manter reunións periódicas cos xefes dos equipos de inspección e cos inspectores en materias do seu ámbito funcional, para efectos de ordena-la súa actuación.

6.^a Realiza-las funcións e cometidos que lle sexan asignados polo xefe de Inspección ou polo xefe adxunto.

4. As unidades especializadas integrarán un ou máis equipos de inspección naquelas inspeccións provinciais nas que o seu volume ou complexidade o faga necesario. Mediante o acordo a que se refire o artigo 17 da Lei ordenadora da Inspección de Traballo e Seguridade Social, poderán establecerse unidades especializadas de ámbito supraprovincial adscritas ó respectivo director territorial da Inspección de Traballo e Seguridade Social.

5. Os funcionarios da Inspección de Traballo e Seguridade Social asignados a unidades especializadas e os integrados como especialistas nos equipos, exercerán tódalas funcións propias do seu corpo de pertenza, ben que con carácter preferente as que correspondan á área funcional encomendada. A asignación dos ditos funcionarios a cometidos especializados non implicará diferenza de réxime retributivo en relación co común do sistema.

6. En tódalas inspeccións provinciais de Traballo e Seguridade Social, existirá unha unidade especializada na área de Seguridade Social, o xefe da cal asumirá as funcións do número 3 na dita materia, correspondéndolle así mesmo efectua-los actos administrativos liquidatorios e sancionadores nos termos regulamentarios. As relacións ordinarias de servicio coas entidades e servicios de protección social, no ámbito provincial, serán asumidas polo xefe da dita unidade.

7. Nas inspeccións provinciais de especial dimensión, poderán establecerse grupos de traballo para a análise do grao de cumprimento da lexislación da orde social, para o estudo, detección e identificación de supostos de irregularidade e fraude e para a definición de métodos e medidas de inspección.

Artigo 56. *Equipos de inspección: concepto.*

1. Os equipos de inspección son a estrutura básica da acción inspectora no seo dos cales se desenvolven os principios de especialización e de unidade de función

e de acto nos termos do artigo 6.2 da Lei ordenadora da Inspección de Traballo e Seguridade Social. A súa constitución responderá a criterios territoriais, sectoriais, ou a outros factores.

2. Os equipos desenvolverán integralmente a actividade inspectora ordinaria no ámbito que se lles asigne, sen prexuízo do establecido no artigo anterior. Para tal fin, os equipos disporán, no posible, de inspectores e subinspectores especializados nas distintas áreas funcionais.

3. Os equipos de inspección estarán baixo a dependencia do xefe da Inspección provincial, cos efectivos, distribución e composición que conveña a cada territorio e momento, en réxime de coordinación e mutua colaboración entre eles. Cando a súa dimensión ou o volume de actividade o aconsellen, poderán establecerse no seu seo un ou varios grupos de traballo.

4. Cada equipo asumirá a execución da programación dos servizos que correspondan ó seu ámbito, organizando e distribuindo o traballo entre os seus membros e o seguimento da súa execución e da adecuación das actuacións practicadas, e desenvolverá o seu cometido mediante a actuación individual ou colectiva dos seus inspectores e subinspectores.

5. Á fronte do equipo estará un inspector de Traballo e Seguridade Social, que o dirixirá técnica e funcionalmente, exercerá o seu control, e impulsará a súa actividade, baixo a dependencia establecida no número 3 anterior; contará cos inspectores e subinspectores que se asignen, e co persoal administrativo de apoio que permitan as dispoñibilidades e a organización existentes. O xefe do equipo asignará as ordes de servizo a cada funcionario ou grupo de traballo.

6. Poderán constituírse grupos de funcionarios para a atención de necesidades non permanentes e pola súa duración. As direccións territoriais da Inspección de Traballo e Seguridade Social poderán dispor dos equipos de apoio que se acorden, en atención ás súas necesidades.

SECCIÓN 5.^a ÓRGANOS INSPECTORES DE ÁMBITO TERRITORIAL NACIONAL

Artigo 57. *Dirección Especial de Inspección adscrita á Autoridade Central.*

1. Na Oficina da Autoridade Central da Inspección de Traballo e Seguridade Social existirá unha Dirección Especial de Inspección para a execución das actuacións inspectoras atribuídas á dita Autoridade Central pola Lei ordenadora da Inspección de Traballo e Seguridade Social. Á súa fronte haberá un director especial, designado polo subsecretario de Traballo e Asuntos Sociais por proposta da Autoridade Central de Inspección, de entre funcionarios cos requisitos esixidos para os directores territoriais. A relación de postos de traballo determinará os postos, niveis e demais circunstancias de inspectores, subinspectores e persoal de apoio da Dirección Especial.

2. O ámbito de competencia da Dirección Especial alcanza á totalidade do territorio español, nas materias que funcionalmente teña atribuídas, no que coordinará as actuacións das direccións territoriais e inspeccións provinciais, e asumirá a súa dirección técnica baixo o principio de unidade de acción e de criterio.

Artigo 58. *Cometidos funcionais da Dirección Especial de Inspección adscrita á Autoridade Central.*

1. A Dirección Especial de Inspección de Traballo e Seguridade Social, en dependencia directa da súa Autoridade Central, ten os cometidos inspectores seguintes:

1.º Organización, coordinación e execución de operacións e actuacións inspectoras en materia de réxime económico da Seguridade Social respecto de suxeitos, sectores ou situacións que se estendan no territorio de máis dunha comunidade autónoma.

2.º Organización, execución e coordinación da inspección de entidades e empresas colaboradoras da Seguridade Social.

3.º Desenvolvemento de actuacións inspectoras en asuntos de ámbito supraautonómico de competencia da Administración xeral do Estado, así como emisión dos informes que esta solicite en tales supostos.

4.º A inspección de centros da Administración do Estado, en canto ás súas sedes centrais ou a actuación exceda do ámbito provincial.

5.º As actuacións inspectoras que correspondan a programas xerais, a obxectivos sinalados por órganos da Unión Europea na esfera da súa competencia, ou os que se acorden respecto de materias de competencia compartida, sen prexuízo da competencia que lles corresponda ás comunidades autónomas.

6.º As que lles sexan encomendadas pola Autoridade Central, na esfera da súa competencia.

2. A Dirección Especial, coas estruturas especializadas que sexan necesarias, desenvolverá os cometidos anteriores e cantos outros lle correspondan cos medios que teña asignados. A Dirección Especial poderá encomendar a unha ou varias estruturas territoriais da inspección a súa participación en accións ou operacións das sinaladas no punto anterior, baixo a súa dirección, exercendo a súa coordinación, e establecendo o método e criterios de actuación. Cando unha Inspección Provincial proxecte actuar en supostos comprendidos no punto anterior ou comprobe na súa actuación situacións de tal carácter, comunicarallo á Dirección Especial para os efectos que procedan.

3. En todo o posible, a Dirección Especial colaborará coas administracións autonómicas, a pedimento destas, mediante o seu asesoramento ou información. Na esfera das competencias de execución da Administración do Estado, e en función das necesidades e efectivos dispoñibles, a Autoridade Central poderá dispor reforzos temporais a inspeccións provinciais pola Dirección Especial.

4. O director especial, no seu ámbito, ten as facultades de dirección, programación, organización e control que corresponden ós responsables dos órganos inspectores periféricos, nos termos deste regulamento, así como as resolutorias que teña conferidas.

Disposición adicional primeira. *A Unidade de Alta Inspección do Estado.*

As funcións de alta inspección do Estado en materia de execución da lexislación laboral e de Seguridade Social, recoñecidas nos estatutos de autonomía, excepto as relativas á asistencia sanitaria que corresponderán ó órgano competente nesta materia, desenvolveranse a través da Unidade Especial de Inspectores de Traballo e Seguridade Social que, para tales efectos, dependerá directamente do ministro de Traballo e Asuntos Sociais. Esta unidade especial contará cos medios necesarios para os seus cometidos, adscribindolle inspectores de Traballo e Seguridade Social con acreditada experiencia e preparación.

Disposición adicional segunda. *Carácter dos órganos colexiados.*

Os membros dos distintos órganos colexiados regulados no presente regulamento, actuarán por razón do cargo sen ningunha retribución complementaria.